Borensztajn DM, Hagedoorn NN, Rivero Calle I, Maconochie IK, von Both U, Carrol ED, Dewez JE, Emonts M, van der Flier M, de Groot R, Herberg J, Kohlmaier B, Lim E, Martínón-Torres F, Nieboer D, Nijman RG, Pokorn M, Strle F, Tsolia M, Vermont C, Yeung S, Zavadská D, Zenz W, Levin M, Moll HA; PERFORM consortium: Personalised Risk assessment in febrile children to optimise Real-life Management across the European Union. Variation in hospital admission in febrile children evaluated at the emergency department in Europe: Perform, a multicentre prospective observational study. *PLoS One* 2021 Jan 7;16(1): e0244810.

A – Factor de impacto JCR: 3.24 - Q2- Multidisciplinary Sciences.

A Salas, X Bello; J Pardo; F Martínón-Torres; A Gomez-Carballa. Superspreading: the engine of the Sars-Cov-2 pandemic. <https://science.sciencemag.org/content/early/2020/12/09/science.abe3261/tab-e-letters>.

Science. 2021. 9 xaneiro. eLetter.

Pischedda S, O'Connor D, Fairfax BP, Salas A, Martínón-Torres F, Pollard AJ, Trück J. Changes in epigenetic profiles throughout early childhood and their relationship to the response to pneumococcal vaccination. *Clin Epigenetics* 13:29, 2021.

A – Factor de impacto JCR: 6.551- Q1- Genetics & Heredity.

Pardo-Seco J, Gómez-Carballa A, Bello X, Martínón-Torres F, Salas A. Pitfalls of barcodes in the study on worldwide Sars-Cov- 2 variation and phylodynamics. *Zoological Research* 42:87-93, 2021.

A – Factor de impacto JCR: 4.56- Q1- D1 – Zoology.

Capítulos de libros:

“Expected and Unexpected effects of vaccination”. Federico Martínón Torres. *Pediatric Vaccines and Vaccinations*. Editores: Timo Vesikari and Pierre Van Damme. Springer; Suíza, 2021. ISBN: 978-3-030-77172-0; pp 3-14. ISBN: 978-3-030-77173-7 (eBook).

<https://doi.org/10.1007/978-3-030-77173-7>.

“Tuberculosis vaccines”. Federico Martínón Torres y Carlos Martín. *Pediatric Vaccines and Vaccinations*. Editores: Timo Vesikari and Pierre Van Damme. Springer; Suíza, 2021.

ISBN: 978-3-030-77172-0; pp 171-184. ISBN: 978-3-030-77173-7 (eBook).

<https://doi.org/10.1007/978-3-030-77173-7>.

“Pediatric combination vaccines”. Federico Martínón Torres. *Pediatric Vaccines and Vaccinations*. Editores: Timo Vesikari and Pierre Van Damme. Springer; Suíza, 2021.

ISBN: 978-3-030-77172-0; pp 207-222.

ISBN: 978-3-030-77173-7 (eBook).

<https://doi.org/10.1007/978-3-030-77173-7>.

CARREIRA VILLAMOR, José Martín

J. L. del Cura, J.D. Aquerreta, F. Sendra, J.M. Carreira. *Radiología Básica. Método programado para el aprendizaje* 1.ª ed. Madrid. Editorial Médica Panamericana; 2021. Depósito Legal: M-8765-2021. ISBN: 978-84-9835-776-9 (versión impresa + versión digital) ISBN: 978-84-9110-825-2 (versión digital).

M. Souto Bayarri, Á. Ruibal Morell, A. Martínez-Monzonís e J.M. Carreira Villamor. Sección II. *Radiología especial*.

Capítulo 11. Diagnóstico por imagen cardíaco. En: J.L. del Cura, J.D. Aquerreta, F. Sendra, J.M. Carreira. “*Radiología Básica. Método programado para el aprendizaje*”, 1.ª ed. Madrid. Editorial Médica Panamericana; 2021. Páxs.

187-212. Depósito Legal: M-8765-2021. ISBN: 978-84-9835-776-9 (versión impresa + versión digital) ISBN: 978-84-9110-825-2 (versión dixital).

J. M. Carreira Villamor, R. Varela Ponte, J. I. Bilbao Jaureguizar y M. Souto Bayarri. Sección II. Radiología especial. Capítulo 12. Radioloxía vascular. En: J. L. del Cura.

J.D. Aquerreta, F. Sendra, J.M. Carreira. “Radiología Básica. Método programado para el aprendizaje” – 1.ª ed.- Madrid. Editorial Médica Panamericana; 2021. Páxs. 213-226. Depósito Legal: M-8765-2021. ISBN: 978-84-9835-776-9 (versión impresa + versión digital) ISBN: 978-84-9110-825-2 (versión dixital).

P.G. Tahoces, R. Varela, J. M. Carreira. Deep learning method for aortic root detection. *Computers in biology and medicine* 2021 135; 104533 (12 paginas). <https://www.elsevier.com/locate/complbiomed>.

T. Pereiro-Brea, A. Martínez de Alegría, L. Valdés, A. Golpe-Gómez, J. Martín Carreira-Villamor, A. Ruano-Raviña. Magnetic Resonance Imaging for the Study of Mediastinal Adenopathies in Lung Cancer: Comparison with Standard Tests. *J Can Res Ther* 2021, IP: 213.60.76.132.

J. Martín Carreira-Villamor, E. Flores Rios y R. Varela Ponte. Embolismo pulmonar iatrogénico. Nuevos aspectos. Aceptado para publicación en *Arch Bronconeumol*, xuño 2021.

R. Varela-Ponte, N. Martínez-Lagob, M. Vieito-Villar y J. Martín Carreira-Villamor. Impacto de los factores de riesgo en la eficacia y complicaciones de la biopsia hepática percutánea ecoguiada de lesiones ocupantes de espacio. *Radioloxía*, publicado en versión electrónica.

MILLÁN CALENTI, José Carlos

Pain as a mediator in the temperament-alexithymia relationship in individuals suffering from rheumatoid arthritis. Ziarko M, Grobelny B, Sikorska D, Jasielska A, Maseda A, Millán-Calenti J, Samborski W, Mojs E, Pigłowska A. *Eur Rev Med Pharmacol Sci* 25:7840-7846, 2021. doi: 0.26355/eurrev_202112_27631. PMID: 34982446 Free article.

Bright Light Therapy in Older Adults with Moderate to Very Severe Dementia: Immediate Effects on Behavior, Mood, and Physiological Parameters. Cibeira N, Maseda A, Lorenzo-López L, González-Abraldes I, López-López

R, Rodríguez-Villamil JL, Millán-Calenti JC. *Healthcare (Basel)*. 9:1065, 2021. doi: 10.3390/healthcare9081065. PMID: 34442202 Free PMC article.

Erratum to: Is Sensory Loss an Understudied Risk Factor for Frailty? A Systematic Review and Meta-analysis. Tan BKJ, Eyn Kidd Man R, Tau Liang Gan A, Fenwick EK, Varadaraj V, Swenor BK, Gupta P, Wong TY, Trevisan C, Lorenzo-López L, Maseda A, Millán-Calenti JC, Schwanke CHA, Liljas A, Al Snih S, Tokuda Y, Lamoureux EL. *J Gerontol A Biol Sci Med Sci*. 2021 Jun 30: glab125. doi: 10.1093/gerona/ glab125. Online ahead of print. PMID: 34190315.

Low-volume cycling training improves body composition and functionality in older people with multimorbidity: a randomized controlled trial. Carballera E, Censi KC, Maseda A, López-López R, Lorenzo-López L, Millán-Calenti JC. *Sci Rep*. 2021 Jun 28;11(1):13364. doi: 10.1038/s41598-021-92716-9. PMID: 34183717 Free PMC article. Clinical Trial.

Effectiveness of a chess-training program for improving cognition, mood, and quality of life in older adults: A pilot study. Cibeira N, Lorenzo-López L, Maseda A, Blanco-Fandiño J, López-López R, Millán-Calenti JC. *Geriatr Nurs* 42:894-900, 2021. doi: 10.1016/j.gerinurse.2021.04.026. Epub 2021 Jun 4. PMID: 34098442 Free article. Clinical Trial.

Clinical and Neuropsychological Correlates of Prefrailty Syndrome. Lorenzo-López L, Blanco-Fandiño J, Cibeira N, Buján A, López-López R, Maseda A, Millán-Calenti JC. *Front Med (Lausanne)*. 2020 Nov 9; 7:609359. doi: 10.3389/fmed.2020.609359. eCollection 2020. PMID: 33240913 Free PMC article.

[Virtual reality as a tool for the prevention, diagnosis and treatment of cognitive impairment in the elderly: a systematic review]. Cibeira N, Lorenzo-López L, Maseda A, López-López R, Moreno-Peral P, Millán-Calenti JC. *Rev Neurol* 71:205-212, 2020. doi: 10.33588/rn.7106.2020258. PMID: 32895903.

Application of light therapy in older adults with cognitive impairment: A systematic review. Cibeira N, Maseda A, Lorenzo-López L, Rodríguez-Villamil JL, López-López R, Millán-Calenti JC. *Geriatr Nurs* 41:970-983, 2021. doi: 10.1016/j.gerinurse.2020.07.005. Epub 2020 Aug 2. PMID: 32758377.

Is Sensory Loss an Understudied Risk Factor for Frailty? A Systematic Review and Meta-analysis. Tan BKJ, Man REK, Gan ATL, Fenwick EK, Varadaraj V,

Swenor BK, Gupta P, Wong TY, Trevisan C, Lorenzo-López L, Millán-Calenti JC, Schwanke CHA, Liljas A, Al Snih S, Tokuda Y, Lamoureux EL. *J Gerontol A Biol Sci Med Sci* 75:2461-2470, 2021. doi: 10.1093/gerona/glaa171.PMID: 32735331.

Dual and triple tasks performance in institutionalized prefrail and frail older adults. Lorenzo-López L, Campos-Magdaleno M, López-López R, Facal D, Pereiro AX, Maseda A, Blanco-Fandiño J, Millán-Calenti JC. *Int J Geriatr Psychiatry* 35:1358-1366, 2021. doi: 10.1002/gps.5375. Epub 2020 Aug 3. PMID: 32662207.

Sex-Differences in Health-Related Characteristics of Senior Center Users: The VERISAÚDE Study. Lorenzo-López L, López-López R, Maseda A, Buján A, Rodríguez-Villamil JL, Millán-Calenti JC. *Front Psychol* 15:964, 2021. doi: 10.3389/fpsyg.2020.00964. eCollection 2020.PMID: 32499745 Free PMC article.

PONTE HERNANDO, Fernando

Dirección de dúas teses de doutoramento cualificadas con sobresaliente cum Laude.

Domínguez Freire, F (2020) Evolución del pensamiento médico de entre siglos (1878-1932) en Galicia: de la caridad a la asistencia. El caso de Vigo. 13 de novembro 2020. <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/24363>.

De Castro Palomares, A (2021) El pensamiento científico-humanístico del profesor doctor D. Luís de Castro García (1912-1977). <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/26542>.

18 de xuño de 2021.

Dirección de traballos de fin de grao en medicina.

Arroyo Córdoba, A (2021) Los inicios de la Neurocirugía en Galicia: El Profesor Dr. D. Francisco Reyes Oliveros (1922-2008). Sobresaliente 9.5.

Meijide Fernández, I (2021) Vida y obra de un ilustre cirujano monfortino internacional: José Goyanes Capdevila. Sobresaliente 10.

Capítulo de libro

Ponte Hernando, F.J; Agís Villaverde, M (2021): García-Sabell Rivas, Domingo. Santiago de Compostela (La Coruña), 8. X.1908 – La Coruña, 5. VIII.2003. Médico, pensador e político. En: Historia de la Filosofía española a través de sus protagonistas. UNED. Pontevedra.

Ponte Hernando, F.J; Manresa López, C (2021) Pedro Laín Entralgo (1908-2001): la pasión por el hombre. EN: Historia de la Filosofía española a través de sus protagonistas. UNED. Pontevedra.

Ponte Hernando, F.J; Manresa López, C (2021) José de Letamendi y Manjarrés. EN: Historia de la Filosofía española a través de sus protagonistas. UNED. Pontevedra.

Ponte Hernando, F.J. (2021) Gregorio Marañón y Posadillo (1887-1960): médico, pensador y polígrafo. EN: Historia de la Filosofía española a través de sus protagonistas. UNED. Pontevedra.

Ponte Hernando, F.J.; Fernández Teijeiro, J.J (2021) Roberto Novoa Santos. EN: Historia de la Filosofía española a través de sus protagonistas. UNED. Pontevedra.

Ponte Hernando, F.J. (2021) Juan Rof Carballo (Lugo 1905-Madrid 1994): El enfermo como globalidad. EN: Historia de la Filosofía española a través de sus protagonistas. UNED. Pontevedra.

Ponte Hernando, F.J.; Conde Gómez, D (2021) Ramón Turró y Darder (1854-1926) Veterinario y filósofo. EN: Historia de la Filosofía española a través de sus protagonistas. UNED. Pontevedra.

Ponte Hernando, F. J; De Castro Palomares, A (2021) Memoria de la pandemia del Covid-19 de dos generaciones médicas. EN: Martelo Villar, F (coord.) Memoria da RAMYCGA 2021.

Artigos

María del Carmen Manresa López, Fernando J. Ponte Hernando, José Pascual Bueno, “La institución de La Gota de Leche de Santiago de Compostela (1904-1980)”, Cuadernos de Estudios Gallegos 67:319-350, 2020. <https://doi.org/10.3989/ceg.2020.133.11>. <https://estudiosgallegos.revistas.csic.es/index.php/estudiosgallegos/article/view/477> Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento. CSIC.

Ponte Hernando, F.J (2020) Pandemias, milicia e historia de la Ciencia. Sanidad militar 76:127-131,2020. ISSN: 1887-8571. <https://scielo.isciii.es/pdf/sm/v76n2/1887-8571-sm-76-02-128.pdf>.

Ponte Hernando, F.J; Manresa López, C (2020) La Pediatría en la obra de Damián Carbó. Cuadernos de Historia de la Pediatría Española. n.º 19. Madrid. AEPED. pp. 6-13. <https://www.aeped.es/comite-historia/documentos/cuadernos-historia-pediatria-espanola-no-19-pediatria-en-las-islas-baleares>.

Ponte Hernando, F.J.: J M Calle Pazos. Publicado o 9/8/2021 no Álbum de Galicia (Consello da Cultura Galega) <http://consellodacultura.gal/album-de-galicia/detalle.php?persoa=27962>.

Fernández Menéndez, J. M; Ponte Hernando, F.J. El profesor Cruz Hernández y su Tratado de Pediatría. Cuadernos de Historia de la Pediatría Española 21:48-63, 2021. https://www.aeped.es/sites/default/files/documentos/cuaderno_21_1.pdf.

Fernández Teijeiro, J.J; Ponte Hernando, F. Las primeras mujeres médicos en España: Apuntes y bocetos. Cuadernos de Historia de la Pediatría 22:6-13, 2021. Las mujeres pediatras en España.

Nomeamentos

Membro do Comité permanente de revisores científicos da Revista Peruana de Investigación en Salud. Peruvian Journal of Health Research. Universidad Nacional Hermilio Valdizán -Huánuco 2021-actualidad. Semestral. Indexada en: ROAD, LATINDEX (Catálogo e Directorio), ROAJ, CROSSREF. <http://revistas.unheval.edu.pe/index.php/repis/about/editorialTeam>.

Académico correspondente da RAMYCGA.

Membro elixible autorizado para a CAPD do Programa de doutoramento en Filosofía da USC por resolución da Comisión Executiva da EDIUS, (que considerou a súa investigación equiparable a un sexenio). De 2 de xullo de 2021.

Proxectos de investigación

Investigador (2.º) en proxecto n.º expediente ED431B 2020/38 Modalidade B: grupos con potencial de crecemento. (Investigador principal Prof. Dr. Docobo Durántez. Catedrático USC). 36 meses. 2020-2022. 90.000 euros. En desenvolvemento.

BARDÁN GARCÍA, Belén

Blanco-Dorado S, Maroñas O, Latorre-Pellicer A, Rodríguez-Jato T, López-Vizcaíno A, Gómez-Márquez A, Bardán-García B, Belles-Medall D, Barbeito-Castiñeiras G, Pérez del Molino- Bernal ML, Campos-Toimil M, Otero-Espinar F, Blanco-Hortas A, Durán-Piñeiro G, Zarra-Ferro I, Carracedo S, Lamas MJ, Fernández-Ferreiro A. Impact of *CYP2C19* genotype and drug interactions on voriconazole plasma concentrations: a spain pharmacogenetic-pharmacokinetic prospective multicenter study. *Pharmacotherapy* 40:17-25, 2020. doi:10.1002/phar.2351.

García-Rodríguez JF, Bardán-García B, Juiz-González PM, Vilariño-Maneiro L, Álvarez-Díaz H, Mariño-Callejo A. Long-Term Carbapenems Antimicrobial Stewardship Program. *Antibiotics* 10:15, 2021. (ISSN 2079-6382) doi.org/10.3390/antibiotics10010015.

III

PARTICIPACION, DA
REAL ACADEMIA DE MEDICINA
DE GALICIA (RAMYCGA), EN
ACTOS ORGANIZADOS POR
OUTRAS INSTITUCIÓNS





Nas Xornadas Coparticipativas destácanse:

■ **A) Do 24 ao 26 de setembro de 2021**, II encontro de MASqAEEM, Coruña. Grupo de Ciencia e Humanidade da Asociación Española para o Estudo da Menopausa, que se realizou na nosa Real Academia de Medicina. Coordinada pola Dra. María Jesús Cornellana coa participación do noso secretario xeral, o Dr. Francisco Martelo Villar.

Os temas desenvolto foron: “Cambios en Ginecología en el período post Covid. Historia de la Asociación, XXX aniversario”.

A segunda mesa redonda moderada polo Dr. Francisco Vázquez Fernández, académico numerario titular da “cadeira” territorial de Lugo, versou sobre: “Los Austrias. Un caos endogámico”.

As devanditas xornadas foron clausuradas polo Dr. Francisco Vázquez Fernández.



► **24-26 de setembro**. Mesa presidencial de esquerda a dereita: Dra. M^a Jesús Cornellana, Coordinadora Grupo MASqAEEM; Dr. Francisco Vázquez Fernández, Académico Numerario territorial pola provincia de Lugo, Preside Dr. Francisco Martelo Villar, Dr. Nicolás Mendoza, Presidente de AEEM; e Dr. Santiago Palacios, Presidente do Instituto Palacios.



► **24-26 de setembro.** Foto de grupo: No centro a Dra. María Jesús Cornellana, xunto ó Presidente da Real Academia Dr. Francisco Martelo Villar e o Académico Numerario Dr. Francisco Vázquez Fernández, acompañados, entre outros, pola Dra. Camila Lejarraga; Dr. Joaquín Calaf e Dr. Javier Ferrer.

■ **B) O 16 de novembro de 2021,** na nosa sede académica, reuníronse a Asociación de “Amas de Casa” da Coruña para analizar o tema: “Alimentación y cáncer: mitos, mentiras y realidades”.

Acto presidido polo presidente da Real Academia de Medicina de Galicia, Dr. Francisco Martelo Villar.

Conferencia impartida polo Dr. Salvador Ramos, membro da Sociedade Oncolóxica de Galicia e da Sociedade Española de Dietética e Ciencias da Alimentación.

■ **C) O 23 de novembro de 2021,** reúnese na nosa sede Académica. A Asociación de Pensionistas e Xubilados de CC.OO. da Coruña.

Sesión presidida polo Dr. Francisco Martelo, desenvolveuse co tema: “Derecho a morir dignamente”.

Conferencia impartida por D.^a Ascensión Cambrón, doutora en Filosofía e Dereito e vicepresidenta da Asociación “Derecho a morir dignamente”.



- ▶ **16 de novembro.** Mesa presidencial de esquerda a dereita: o Presidente da Academia Dr. Francisco MarteloVillar, D^a Rosa Otero Raña, Presidenta da Asociación Provincial de Amas de Casa, Consumidores e Usuarios de A Coruña; Dr. D. Salvador RAMOS. Médico colexiado e membro da Sociedade Oncolóxica de Galicia e da Sociedade Española de Dietética e Ciencias da Alimentación.

IV

DISTINCIONES CONCEDIDAS AOS ACADÉMICOS NUMERARIOS E CORRESPONDENTES





O Dr. Juan Jesús Gestal Otero, foi distinguido co nomeamento de “Galego do ano” por *El Correo Gallego*.

O Dr. Julián Álvarez Escudero, foi reelixido como decano da Facultade de Medicina e Odontoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

Á Dra. Rosa Meijide Failde, concedéuselle o Premio da Sociedade Española de Reumatoloxía ao mellor traballo sobre artrose publicado por autores españois.

O Dr. Francisco Martelo Villar, foi nomeado vogal do Padroado da Fundación Barrié.

O Dr. Ramiro Varela Cives, foi nomeado presidente da Fundación Amigos de Galicia.

O Dr. Federico Martinón Torres, tivo tres distincións:

- Premio Nacional Afectivo-Efectivo 2021 de Janssen á “mellor traxectoria profesional ligada á saúde”.
- Premio Nacional Fernando do Castelo da SEIP á mellor publicación da Sociedade Española de Infectoloxía Pediátrica 2021.
- Premio-Distinción “Cinco Estrellas” Best-in-Class á mellor Unidade de Infecciosas de España, por terceiro ano consecutivo.

O Dr. Fenando Ponte Hernando, foi nomeado membro do Comité permanente de revisores científicos da revista peruana de investigación en saúde. *Peruvian Journal of Health Research*.

A Dra. Rosaura Leis Trabazo, foi nomeada presidenta da Fundación Española da Nutrición.

V

PREMIOS A TRABAJOS DE INVESTIGACIÓN CONVOCADOS POLA RAMYCGA





Os seguintes premios de investigación convocados para o ano 2021 foron declarados desertos polo Pleno dos académicos:

PREMIO DA FUNDACIÓN “PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA, CONDE DE FENOSA”. Nomeamento de académico correspondente e dotación económica de 6.010 €.

PREMIO FUNDACIÓN CENTRO ONCOLÓXICO DE GALICIA “JOSÉ ANTONIO QUIROGA Y PIÑEYRO”. Dotado con 6.010 euros.

A Real Academia de Medicina de Galicia convocará para este ano 2022 os seguintes premios:

- **Premio da FUNDACIÓN PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA, CONDE DE FENOSA,** ao mellor traballo presentado, de tema libre, en ciencias médicas de aplicación clínica. Nomeamento de académico correspondente e unha dotación económica de 10 000 euros.
- **Premio da FUNDACIÓN CENTRO ONCOLÓXICO DE GALICIA, “JOSÉ ANTONIO QUIROGA Y PIÑEYRO”**, a un traballo de tema libre de investigación oncolóxica non básica, de interese científico-social-sanitario. Dotación de 6.010 euros.
- **Premio de PREVISIÓN SANITARIA NACIONAL (PSN)**, a un traballo sobre: “Humanidade e Exercicio Profesional”, aspectos humanísticos da profesión médica tanto desde o punto de vista científico como na actividade clínica). Dotación de 4.500 euros.

■ BASES

Os traballos deberán ser orixinais, inéditos e non premiados xa por ningunha outra entidade, e poden estar realizados por un só autor ou por varios autores, en equipo.

No caso do premio que inclúe como galardón o nomeamento de académico correspondente, o devandito título só se outorgará, exclusivamente, ao primeiro dos autores premiados, se non o posuíse.

Ao autor e coautores ou colaboradores que figuren como tales entregaráselles un certificado individual da participación nos traballos premiados. El/os mesmos autores non poderán presentar o mesmo traballo a dous premios convocados.

Poderanse conceder “mencións honoríficas” a outros traballos presentados á mesma convocatoria, que sexan merecedores diso.

A Real Academia poderá acordar, se o considera oportuno, a impresión do traballo galardoado e fixarase, en cada caso, o número de exemplares que corresponderían a cada unha das partes. Todas as memorias presentadas quedarán como propiedade da Academia.

■ CONDICIÓN DOS TRABALLOS

Estarán escritos a máquina a dous espazos, en tamaño A4 ou holandesa, redactados en castelán ou galego, sen sinatura, nin rúbrica, nin indicación que poida revelar o nome ou os nomes dos autores, e levará na súa primeira páxina ou cuberta, ademais do título, un lema que exprese a que premio se presenta; de non indicalo será eliminado do concurso. Tales manuscritos non deberán exceder de 50 páxinas.

Cada traballo, enviado á Academia en forma que se manteña o anonimato do seu autor/a, virá acompañado por unha “plica” en sobre pechado, co título completo e “lema”, integrada polos seguintes documentos:

- O nome do autor ou, se é o caso, autores, especificando neste caso a súa orde como 1.º, 2.º, 3.º etc. asinantes. Acompañaranse as fotocopias do/s título/s profesionais e tamén fotocopias do correspondentes DNI.

- Domicilio e teléfono do autor ou autores, así como unha declaración xurada de que o traballo é orixinal e non foi publicado total, nin parcialmente, con anterioridade.
- Unha carta asinada polo autor ou autores na que se compromete/n a aceptar o premio no caso de que o seu traballo resulte merecedor deste.

Para que sexan aceptados os traballos deberanse enviar tres exemplares imprimidos e outro en soporte informático cuxos arquivos permitan a reprodución escrita do traballo. Cada copia deberá especificar o título, o “lema” e a que premio dos convocados concorre.

Os traballos deben ser remitidos á Secretaría da Real Academia de Medicina de Galicia, na rúa Durán Loriga, 10, 15003, A Coruña, antes do 30 de novembro de 2022, data en que quedará pechada a admisión.

Incumprir calquera das condicións antecedentes supoñerá a eliminación automática do concurso.

■ OUTRAS NORMAS DO CONCURSO

- A-** A entrega dos premios terá lugar no acto inaugural do curso académico, no mes de xaneiro de 2023.
- B-** O ditame da academia, por votación secreta dos seus membros numerarios, con informe previo non vinculante da comisión nomeada para avaliar os traballos presentados, será inapelable, e poderá ser declarado deserto algún premio.
- C-** A comisión avaliadora poderá orientar algún dos traballos presentados cara a outro premio distinto ao que opten, se así o permite o carácter temático do traballo en cuestión.
- D-** Non poderán tomar parte no concurso os académicos numerarios da Real Academia de Medicina de Galicia, mesmo en condición de “electos” nin os autores e coautores xa premiados, en convocatorias anteriores, con calquera dos premios da Academia.
- E-** Non lles poderá ser concedido o título de académico correspondente, nin ningún outro premio, aos autores que non posúan a titulación universitaria de graduado en Medicina.

VI

SESIONS NECROLÓXICAS





Lamentablemente temos que comunicarlle o falecemento dos seguintes académicos de número:

O Excmo. Sr. Dr. José Carro Otero, “cadeira” de Historia da Medicina, Ilmo. Sr. Dr. Rafael Tojo Sierra, “cadeira” de Nutrición Humana, Ilmo. Sr. Dr. José Luis Nogueira March, “cadeira” de Uroloxía e o Ilmo. Sr. Dr. Jerónimo Forteza académico emérito.



► Apertura do Curso 2018: de esquerda a dereita: Dr. Miguel Gelabert González, Bibliotecario, Dr. Ramiro Varela Cives, Vicesecretario contador; Ilmo. Sr. Coronel da FLO, D. Pablo Gerónimo Amaro Pérez; Dr. Francisco Martelo Villar, Secretario Xeral, Excmo. Sr. D. Alberto Nuñez Feijóo, Presidente da Xunta; Dr. José Carro Otero, Presidente da Real Academia; Ilmo, Sr. D. Jesús Vázquez Almuiña, Conselleiro de Sanidade; Dr. Jorge Teijeiro Vidal, Vicepresidente da R.A.; Dr. Luís Ferrer i Balsebre, Tesoureiro da R.A.

No pleno do 30 de xuño de 2021, decidiuse realizar 4 sesións necrolóxicas, que están pendentes pola pandemia da Covid-19.

Primeira sesión: Dr. José Carro Otero.

Segunda sesión: Dres. José Luís Nogueira, numerario de Uroloxía; Rafael Tojo Sierra, numerario de Nutrición Humana e Jerónimo Forteza, académico emérito.

Terceira sesión: D. José Antonio Quiroga y Pyñeiro, presidente da Fundación do Hospital Centro Oncolóxico de Galicia, Dr. D. Gustavo Losada Varela, internista do Hospital Centro Oncolóxico de Galicia e académico correspondente.

Cuarta sesión: Dr. Pérez Vázquez, Medicina Nuclear Hospital Gregorio Marañón de Madrid. Dr. Vaquero, neurocirurxián do Hospital Puerta de Hierro, Madrid. Dr. Juan Rey Naya, xeral xefe da Brigada de Sanidade.

Descansen todos eles en paz.

Queremos incluír nesta memoria os seguintes obituarios do Excmo. Sr. José Carro Otero:

1. Escrito polo Ilmo. Sr. Dr. Jorge Teijeiro Vidal

O 23 de abril de 2021, festividade de San Jorge de Capadocia, recibíuse a triste e inesperada noticia do falecemento do Excmo. Sr. Dr. José Carro Otero, presidente da Real Academia de Medicina de Galicia desde 2006. As normas sobre a pandemia de Covid-19 impediron celebrar honras fúnebres públicas adecuadas. Os seus fillos Susana, Santiago e Gonzalo Carro Varela, informaron a Real Academia das circunstancias do falecemento e das limitadas honras fúnebres que se poderían realizar en memoria do seu pai.

O Dr. José Carro Otero ingresara o día 11 de xuño de 1993 cun discurso, que permanece inédito, sobre:

“Notas para la historia de la enseñanza de la Anatomía en la Universidad de Santiago durante los siglos XVIII y XIX”.

Formou parte da Xunta de Goberno, desde 1994 ata 1999 como bibliotecario. Do 2000 ao 2005 como vicesecretario-contador e como presidente a partir de 2006.



► Foto de Familia composta por Académicos/as Numerarios/as e Autoridades militares no Ingreso do Académico Numerario de Medicina Militar, Dr. José Luís García Alcón, o 24 de maio de 2019.

Na primeira fila de esquerda a dereita o Académico Numerario de Pediatría Dr. Federico Martín Sánchez, o seu lado o Comandante da ENM de Marín D. Ignacio Cuartero Lorenzo a continuación os Académicos Numerarios Dres. Potel Lesquereux e Noya García, séguelle o Secretario Xeral Dr. Francisco Martelo Villar; a Académica Numeraria Electa Rosa Meijide Failde, no centro a Académica Numeraria Dra. Ansedé Martínez, o Académico Dr. José Luís García Alcón, o Xeral Xefe da FLO, D. Francisco Javier Sánchez Fernández; Dr. Carro Otero e xa na 2ª fila, o Capitán Comandante de Acción Marítima, D. Fernando Suárez Fonseca e o Comandante Militar de A Coruña, D. José Manuel Siaba Portela.

Recibíronse condolencias persoais e institucionais.

Referimos algunhas destas condolencias.

Real Academia Nacional de Medicina e Real Academia de Medicina de Zaragoza.

Presidente da Xunta de Galicia e conselleiro de Sanidade.

Excmo. Concello de Santiago de Compostela.

Fundación Centro Oncolóxico de Galicia “José Antonio Quiroga y Piñeyro”.

Como testemuños escritos na prensa diaria, referimos:

“Obituario” en *El Correo Gallego* (no que era colaborador habitual en temas médicos e composteláns). En *La Voz de Galicia* “Obituario” e artigos de académicos numerarios “In memoriam do profesor José Carro Otero” polo académico numerario Ilmo. Sr. Francisco Javier Jorge Barreiro e “La dedicación permanente” polo Ilmo. Sr. Francisco Martelo, secretario da Real Academia.

En *El Correo Gallego* publícanse declaracións do alcalde de Santiago, José Sánchez Bugallo, do ex-alcalde da Coruña, Francisco Vázquez Vázquez, e do delegado de Defensa en Galicia, coronel Antonio Bernal Martín. E colaboracións dos académicos correspondentes Francisco R. García Fernández e Fernando Ponte Hernando.

En revistas médicas anotamos algunhas das publicadas:

Revista de Previsión Sanitaria Nacional do mes de xullo de 2021, cun artigo do seu presidente D. Miguel Carrero López.

Na revista *A Saúde de Galicia do Colexio Oficial de Médicos* da Coruña.

Na revista *AMA en Marcha* presidente de honra, Diego Murillo Carrasco, e o académico numerario Ilmo. Sr. Luís Campos Villarino.

De acordo cos estatutos de 2017 procedeuse de inmediato a aplicar o previsto nestas ocasións para continuar o labor da Real Academia. E iniciar os trámites para a elección do novo presidente antes de seis meses. (Artigo 39.5). E o 20 de outubro de 2021, o Pleno da Real Academia de Medicina de Galicia aprobou por unanimidade o nomeamento do Excmo. Sr. Francisco Martelo Villar, como novo presidente da Corporación.

Comeza unha nova etapa na Real Academia de Medicina de Galicia.

2. Publicados polo Excmo. Sr. Francisco Martelo Villar en *La Voz de Galicia* o 25 de abril 2021 titulado:

La dedicación permanente

José Carro Otero, presidente da Real Academia de Medicina, foise. Se nos está vendo, e é seguro que si, porque el cría ferventemente no máis aló, estará a departir con outro médico galego que exerceu no Gran Hospital Real



► Estrado de Académicos/as Numerarios/as na Apertura de Curso do 2020. Preside na Mesa o Ilmo. Sr. Conselleiro de Sanidade, D. Jesús Vázquez Almuiña a súa esquerda o Presidente da Academia Dr. Carro Otero, seguido do Vicesecretario-contador, Dr. Ramiro Varela Cives. Á dereita do Conselleiro o Vicepresidente Dr. Jorge Teijeiro Vidal, seguido do Secretario Xeral Dr. Francisco Martelo Villar.



► Foto de familia na Apertura de Curso do ano 2020 composta por membros da Xunta de Goberno, premiados xunto os representantes das Fundacións Barrié, Oncolóxico e PSN, así como do Académico Dr. Francisco Vázquez Fernández que leu o discurso inaugural.

Compostelán e foi, ademais, profesor na Facultade de Medicina, José Varela de Montes; para el, o mellor médico. Dada a súa inquietude, xa saberá, a pesar do pouco tempo xuntos, como transcorreu o parto que nos trouxo a nosa insigne poetisa Rosalía de Castro e como crescendo e aprendendo entre as pedras de Compostela se podía realizar tanto traballo e compaxinar a asistencia clínica e o maxisterio académico coa aclamación xeral.

Carro, seguindo o seu exemplo, conseguiu o recoñecemento de todos, como anatomista, arqueólogo, antropólogo e historiador da medicina. Con gran dedicación desde os seus inicios como neno prodixio, puido converterse de adolescente nun extraordinario experto na arte da Catedral de Santiago, pero o estudo mantido estritamente converteuno en recoñecido investigador e profesor nas facultades compostelás de Medicina e Bioloxía. A súa inquietude induciuno a acudir ao Instituto Arqueolóxico Alemán, ao Instituto Leriche de Roma e á Universidade Complutense de Madrid para ampliar o espectro da súa mirada, porque fora educado, na súa brillante contorna familiar, como home do Renacemento e non se pode imitar a Vesalio sen vixiar as fontes alternativas do coñecemento.

Pero a antropoloxía crea uns cimentos que poden inducir a lles axudar aos demais a través da política. Non soubo renunciar a ela, polo que exerceu como concelleiro da súa cidade e anos como secretario particular do presidente Manuel Fraga, que o premiaba con algo que o divertía moito. Dado o seu excelente nivel didáctico e a súa cegadora oratoria, o de asumir o comisariado de exposicións culturais. A súa enorme capacidade achegoulle un número moi importante de condecoracións e recoñecementos no noso país, en Latinoamérica e no seu querido Portugal. Pero ese compromiso co servizo público supúxolle un tributo moi alto, a renuncia á medicina clínica e ao contacto cos pacientes. Repetía que envexaba a Varela de Montes.

Chegou á Real Academia de Medicina de Galicia en 1993 para ocupar a cadeira de Historia da Medicina. Asumiu cunha gran dedicación os obxectivos da institución e puxo en marcha un magnífico Museo Histórico da Medicina Galega; construído desde o esforzo intelectual e a persoal habilidade manual, capaz de lograr en directo e en solitario o resultado buscado.

O seu compromiso levouno á presidencia da Academia, para a que foi elixido durante varios mandatos. O seu liderado e dedicación fixo posible que, en

tempos económicos difíciles, se puidese manter a xoia da coroa da Academia, os seus premios para a investigación e a innovación médica en Galicia, patrocinados pola Fundación Barrié de la Maza e o Centro Oncolóxico de Galicia, xunto cos contratos de colaboración formativa coa Academia Naval de Marín. Unha tarefa institucional moi recoñecida por todos.

A súa inesperada marcha deixounos sumidos na tristeza. Aos seus tres fillos, xunto ao afecto que lles enviamos, queremos dicirlles que o seu exemplo non será en balde. Grazas, presidente!

O Dr. D. Francisco Martelo tamén publicou, o obituario na *Revista Saúde do Colexio de Médicos da Coruña*, un artigo titulado:

Adiós a José Carro

O profesor Carro Otero foise. Abandonounos un moi recoñecido anatomista, arqueólogo, antropólogo e historiador da medicina.

Son consciente de que non é oportuno dedicar este espazo da revista do noso colexio, a aliñar sobre o papel os seus importantes traballos como profesional da medicina e recitar os contiosos méritos, condecoracións e recoñecementos acumulados durante a súa vida, outorgados por institucións do noso país, de Latinoamérica e do seu dilecto Portugal. Neste momento de loito, non é necesario situalo sobre esa descomunal peña de merecementos, senón falar do que a el lle gustaría, do seu legado humano.

Convencido católico, gustoulle que as miñas palabras fosen, no canto dunha elexía, unha Acción de Grazas. Gratidade por darlle estas raíces, por deixarlle traballar neses campos de actuación con tanta lucidez, polo seu ilusionado compromiso con Galicia e por obsequialo coa súa enorme capacidade no manexo das palabras, para o seu gozo e agasallo para os que escoitan.

A arte da man do seu tío Jesús Carro cóengo e arquivado da catedral de Santiago é o estandarte que abre o camiño da súa vida; ata tal punto que na súa adolescencia se converte nunha referencia como experto da catedral compostelá. Xa desde esa temperá idade se sente reclamado polo seu destino como médico e axudado pola súa prodixiosa retentiva, comeza a memorizar os capítulos do Testut; de modo que no momento que inicia a carreira asimilara todos os recunchos da anatomía. A medicina non é unha bela arte, pero é a arte máis humanitaria. Aprendera as cousas importantes na súa vida antes de vivilas.

Na facultade desde o seu comezo como alumno interno da cátedra do profesor Echeverri, ensinoulles aos seus compañeiros a disección das pezas anatómicas, obsequiándonos cos seus extraordinarios debuxos a man alzada nos encerados, para facernos comprensible o complexo. Desde aí, o esforzo mantido durante toda a súa vida, converteuno en recoñecido investigador e profesor nas facultades compostelás de Medicina e Bioloxía.

O seu interese pola arqueoloxía e a antropoloxía converteuno nun andadeiro, acompañado por mozos ávidos de aprender. Gustáballe camiñar polos recónditos recunchos de Galicia para escavar, buscando nas gretas e nas pedras o saber dos nosos antepasados. Sabía que o pasado nos impulsa cara ao futuro, pero o presente decídese fundamentalmente desde a política, polo que tamén caeu nas súas redes. Desde a súa xerarquía accedeu á Comisaría do Xacobeo, enfeitizado polo Camiño de Santiago, do que era unha referencia, transformándose nun auténtico embaixador cultural de Galicia en Portugal e en diferentes países latinoamericanos.

Na Real Academia de Medicina ocupou a cadeira de académico de Historia da Medicina e organizou de maneira persoal e directa o seu museo histórico e foi elixido para varios mandatos como presidente. Neste mundo moderno onde o que prima é sabelo todo de case nada, as figuras, como Carro, renacentistas convertidos ao romanticismo do IXX son a excepción.

De facerlle unha escultura tería o libro *Andrés Vesalio* nunha man e a Cruz de Malta cohesión de sanidade e milicia na outra, escondendo a Cruz de Santiago no seu xeneroso corazón. No seu refuxio feliz seguirá co feitizo das palabras. Nós lembrarémolas sempre.

3. Destacamos o obituario do Excmo. Sr. Dr. José Carro Otero, publicado polo **Ilmo. Sr. Dr. Francisco Javier Jorge Barreiro**. Catedrático emérito de Anatomía Humana, en *La Voz de Galicia* de Santiago.

Onte sufrimos a dura noticia do falecemento dun dos membros máis queridos do Departamento de Ciencias Morfolóxicas da nosa universidade, co cal moitos de nós convivimos máis de 50 anos. Coñecín o profesor Carro Otero cando era estudante de Medicina. El era o alumno interno de Anatomía do profesor Echeverri, e desde moi novo dedicouse á docencia en corpo e alma. Tiña condicións innatas para lles explicar a anatomía aos alumnos e por iso era moi apreciado por eles. Foi profesor titular de Anatomía Huma-

na e impartiu Anatomía, Bioloxía, Antropoloxía e Historia da Medicina na Facultade de Medicina, e Bioloxía e Antropoloxía na de Bioloxía.

O profesor Carro tivo precozmente unha vocación médica, dirixida cara á anatomía, a antropoloxía e á historia por influencia do seu tío o cóengo Jesús Carro, arquiveiro da catedral, antropólogo, historiador, e estudoso da cidade e do fenómeno Xacobeo.

José Carro Otero foi un dos primeiros antropólogos de Galicia, realizou diversas escavacións, ás que levaba os alumnos de Medicina e de Bioloxía para fomentar as vocacións cara á súa especialidade. Existen moitas anécdotas desta época heroica. Por exemplo, para que as persoas das vilas colaborasen con el, atraíaos cos seus coñecementos médicos e de dentista que adquirira doutro tío seu, e facíao organizando nas aldeas un gabinete médico-dentista gratuío.

Dedicou unha parte importante da súa vida ao coñecemento da Historia da Medicina Galega e chegou a ocupar a cadeira desta especialidade na Real Academia de Medicina de Galicia, foi elixido presidente desta ata o seu falecemento. Na Academia organizou o Museo de Historia da Medicina de Galicia do que estamos orgullosos.

Era moi traballador, sensato, intelixente, brillante, bo compañeiro, simpático, accesible e cuns dotes excepcionais para a oratoria. Creo que non hai sociedade médica ou cultural coa cal non colaborase coas súas maxistras conferencias, pois ditou preto de mil. A unha excelente memoria, unha gran facilidade de palabra e coñecementos enciclopédicos sumaba a amenidade dos seus discursos.

Como conversador non tiña prezo. Era moi simpático e ocorrente, cunha memoria prodixiosa para os chistes, que ademais sabía contalos. Vén á miña memoria unha viaxe que fixemos ao Congreso de Anatomía de Zaragoza onde pasou toda a viaxe en coche contando chistes e anécdotas, que nalgunhas ocasións nos despistaban e dificultaba a condución.

Hai dúas facetas da súa vida que creo que para el tiñan unha importancia capital: a relixión católica e a milicia. Sempre foi un católico practicante, moi coñecedor de todo o referente ao fenómeno xacobeo, da cidade de Santiago e das celebracións na catedral. Por iso dicíamos de broma os seus compañeiros que lle gustaría ser arcebispo. Ademais de ser comisario do

Xacobeo, impartiu múltiples conferencias sobre o fenómeno xacobeo, e foi “guía especial” de visitantes ilustres.

A través da Real Academia de Medicina de Galicia, promocionou os encontros médicos coa Sanidade Militar, que serven para o coñecemento da medicina militar por parte de médicos civís e estudantes de Medicina. Fixo que se despregase un hospital de campaña na praza do Obradoiro con asistencia de médicos e estudantes da Facultade e de académicos. Tamén promocionou os encontros médicos da Academia coa Escola Naval de Marín. Por todo iso concedéronlle diversas condecoracións militares.

Outro dos logros deste polifacético profesor foi a relación con Portugal, xa que como asesor do presidente Fraga e como académico favoreceu as relacións galaico-portuguesas. O Goberno portugués outorgoulle as condecoracións da Orde Civil do Infante D. Enrique e da Orde Militar de Santiago da Espada.

Sempre que se lle pedía, estaba disposto a colaborar coas institucións, por exemplo, ocupando o cargo de secretario da Facultade de Medicina, ou concelleiro no Concello.

Enviámoslles o noso pesar aos seus fillos Susana, Santiago e Gonzalo, e á sociedade que o apreciaba. O profesor Carro Otero tivo unha vida brillante repleta de actividades e traballos ben realizados, e por iso todos os que o coñecemos botarémolo de menos e sabemos que o que sementou queda en todos nós.

Terminarei con palabras de Leonardo da Vinci: “Como un día ben pasado trae un soño feliz, a vida ben utilizada trae unha morte feliz”.



VII

DISCURSO INAUGURAL DO CURSO ACADÉMICO 2022





Pronunciado polo académico numerario titular da cadeira territorial de Ferrol. **Ilmo. Sr. Dr. Javier Martínez Pérez-Mendaña.**

■ A EUTANASIA E O SEU SIGNIFICADO

O 19 de setembro de 2015 a Organización Médica Colexial e a Sociedade Española de Coidados Paliativos emitiron un documento sobre a “Atención ao final da vida. Conceptos e definicións”:

Non é eutanasia a *obstinación terapéutica*, instauración de medidas non indicadas, desproporcionadas ou extraordinarias coa intención de evitar a morte a un paciente tributario de coidado paliativo. É unha mala práctica; a *adecuación do esforzo terapéutico*, retirar, axustar ou non instaurar cando o aconselle a situación do paciente; a *sedación paliativa*; o *homicidio*; o *suicidio*; a *omisión do deber de socorro profesional*; o *rexeitamento do tratamento* e a *denegación do consentimento*.

Son exemplos do que non é eutanasia: a desconexión do respirador nunha persoa clinicamente morta ou con graves padecementos, situación irreversible, ou enfermo terminal que non pode experimentar melloría e así o solicitara; deixar “morrer en paz”, cando se deixa morrer en paz dun modo natural, sen someter o proceso nunha prolongación artificial e inútil da vida; e a *sedación terminal* para evitar sufrimento, situación na que se debe cumprir o principio de dobre efecto:

Que a acción en si mesma sexa boa ou, polo menos indiferente; que o fin que se persegue sexa obter o efecto bo e, simplemente se permita o malo; que o efecto primeiro e inmediato que se ha de seguir sexa o bo e non o malo; e que exista unha causa proporcionalmente grave para actuar (Marcos del Cano y De La Torre, 2019).



► No atril, o Ilmo. Sr. Vicepresidente, Dr. Jorge Teijeiro Vidal, dá lectura a convocatoria dos premios de investigación da academia correspondentes o ano 2022, na mesa preside o Ilmo. Sr. Conselleiro de Sanidade, xunto ó Presidente Dr. Martelo e Secretario Xeral Interino, Dr. Alberto Juffé.

“**Eutanasia activa** é a actuación dun profesional sanitario que produce de forma deliberada a morte do seu paciente cunha enfermidade irreversible, porque este, sendo capaz, llo pide de forma expresa, reiterada e mantida, por ter unha vivencia de sufrimento derivada da súa enfermidade que experimenta como inaceptable, e que non se conseguiu mitigar por outros medios”. É legal en Holanda, Bélxica, Luxemburgo, Canadá e Colombia.

No **suicidio asistido ou eutanasia pasiva** a actuación do profesional sanitario límitase a proporcionarlle ao paciente os medios necesarios para que sexa el mesmo quen se produza a morte. O paciente é o suxeito activo. É legal en Suíza, Alemaña e Austria, e en EUA en California, Montana, Washington, Oregón e Vermont.

A Asociación Médica Mundial foi fundada en París en 1947 por médicos de 27 países e realizou a Primeira Asemblea Xeral en xaneiro de 1947. O seu obxectivo foi asegurar a independencia dos médicos e os maiores niveis de conduta ética e atención médica. É unha asociación independente que se financia a través de cotas anuais dos seus membros. Na Asemblea Xeral

que tivo lugar o 22 de novembro de 2019 en Tiflis (Xeorxia), comunicou “o seu forte compromiso cos principios de ética médica”, e ratificou a súa rotunda oposición á eutanasia e ao suicidio asistido con axuda médica (1).

Historia

Na antigüidade os médicos hipocráticos abstíñanse de tratar enfermidades mortais. Retirábase e deixábase o enfermo para que se preparase. Buscábase morrer en paz, permitíasele entrar ao sacerdote ou ao rabino ou algún acompañante espiritual. Corría nun contexto familiar e espiritual.

O Xuramento Hipocrático determina, “non administrarei unha droga mortal a ninguén, aínda que o solicite, nin farei ningunha suxestión para ese efecto” (Hipócrates, Cos, 460 a. C.-Tesalia, 370 a. C.).

Polibio (200 a. C.-118 a. C.) e Cicerón (106 a. C. - 43 a. C.), refírense á morte oportuna (acaece no seu momento), a morte despois dunha vida plena, a morte recta ou digna, asumida e serena, deixarse morrer como algo propio da vida (estoicos). É a morte gloriosa ou honrosa á que se refiren Polibio e Cicerón, ou a morte suave e tranquila, sen sufrimento, da que fala Suetonio.

O médico alemán Karl F. H. Marx refírese a “Esa ciencia, a eutanasia, que frea os trazos agresivos da enfermidade, alivia a dor, e propicia a maior serenidade na hora suprema e ineludible... pero nunca debería estarlle permitido ao médico, inducido xa polo reclamo doutras persoas, xa polo seu propio sentido piadoso, cesar a penosa condición dun paciente e acelerar a súa morte a propósito e deliberadamente” (1826).

As primeiras suxestións claras sobre que os médicos deberían precipitar a morte dos agonizantes viñeron, segundo parece, non da profesión médica, senón de colectivos alleos a ela. Na década de 1870, dous ensaístas ingleses, Williams Samuel Williams e Lionel Tollemache, escribiron artigos avogando por esta práctica.

Williams escribiu: “...en todos os casos de enfermidade terminal e dolorosa, debería recoñecerse o deber do asistente médico, sempre que así o desexase o paciente... de eliminar dunha vez a consciencia e proporcionarlle unha morte rápida e indolora”.

Lionel A. Tollemache (1838-1919) no ensaio “*La nueva curación de los incurables*” referiuse a unha “poboación amoreada”, unha “loita pola supervivencia” e a idea de que as persoas cronicamente enfermas son inútiles e desprazan a persoas máis sas e útiles.

Que os médicos resolvesen a situación quitando as súas vidas repetiríase noutras nacións europeas. Mesmo antes do xurdimento do fascismo publicáronse libros en Alemaña defendendo que o Estado tiña o dereito para quitarlles a vida aos enfermos terminais, os enfermos mentais, os atrasados psíquicos e os nenos “deformes”.

Adolf Jost (1874-1908), no seu libro *El derecho a morir*, argumenta que o Estado tiña dereito a matar para mantelo forte e san. Os autores dun destes libros (psiquiatra e filósofo) falan de “matar como algo hixiénico” e como “unha terapia saudable”.

Houbo cambios culturais no ben morrer que poden inspirarse no documento da figura do bo samaritano como paradigma dun coidado integral que se deixa afectar, venda as feridas, carga co ferido e mesmo inviste diñeiro e comprométese a pagar os gastos da pousada á súa volta. É un documento moi rico que debe ser profundado e que profunda na experiencia de Cristo sufrinte e da Resurrección como manifestación da proximidade de Deus ao home nas súas angustias e dores ao final da vida (1).

Hai documentación bibliográfica e na historia da arte onde os seus autores pretenderon reflectir a boa morte do que é un bo exemplo o cadro que representa a Isabel a Católica ditando o seu testamento no Castelo da Mota o 26-11-1504 (Eduardo Rosales, 1864, Museo do Prado).

Resulta tamén significativo o cadro que representa a figura do bo samaritano de William Henry Margetson (1861-1940) pola importancia que o coidado do enfermo ten, e considérase, o bo coidado como un dos principais antidotos da eutanasia.

Na modernidade predomina o imperativo tecnolóxico. Facer todo o posible sempre, con terapias agresivas, obstinación terapéutica, buscando vencer a morte, loitar contra ela, ter éxito, alongando a vida o máis posible e sucede case sempre en mans dos médicos.

Na actualidade considérase que non todo o que tecnicamente se pode facer se debe facer co que xorde o concepto de futilidade terapéutica (1989), que mellor sería denominalo limitación ou adecuación do esforzo terapéutico, aceptando cando xa non se pode curar se se debe acompañar e coidar, permitindo o acompañamento de familiares e amigos.

A morte noutras tradicións relixiosas

A relixión xudía considera que a vida humana e calquera fracción de vida teñen un infinito valor.

O Talmud compara o moribundo coa chama dunha candeia consumíndose e a piques de apagarse. Se un home a toca cun dedo, apagarase enseguida.

No Islán, para o *Corán* Alá é o único que decide sobre a vida e a morte. Hai unha submisión á vontade divina, e a misericordia non é razón para quitar a vida porque a morte ocorre conforme á vontade divina.

O Budismo non permite intervir directamente para suprimir a vida, non se pode alongar innecesariamente con medios artificiais, pero si se pode paliar o sufrimento inútil deixando morrer en paz. A eutanasia é rexeitada de forma maioritaria.

Para o Hinduísmo a morte individual só significa a morte dun corpo porque o ser humano é indestrutible. A morte é a prefiguración da liberación final e un punto crítico da descomposición do agregado corpo-espírito. O importante é o invisible (1).

Legalización da eutanasia en España

Dos 97 estados do mundo desenvolto España converteuse no país número 14 no que a eutanasia é legal, non sendo poucas as institucións que se opuxeron: Consello Xeral de Colexios Médicos de España, en cuxo código deontolóxico indícase que “o médico nunca provocará a morte dun paciente, nin no caso de petición expresa por parte de este” (2).

A Asemblea Xeral da Asociación Médica Mundial reunida en Tiflis (Xeorxia) o 22 de novembro de 2019 que confirmou o seu compromiso coa ética médica “ratificando a súa firme oposición á eutanasia e auxilio ao suicidio asistido con axuda médica” (3).



- ▶ O Ilmo. Sr. D. Javier Martínez Pérez-Mendaña, académico numerario da cadeira territorial por Ferrol, pronuncia o discurso inaugural titulado: “La Eutanasia y su significado”.



- ▶ Foto 14: Presidencia de Honra, composta por: Excmo. Sr. D. José L. Seoane Spiegelberg, Presidente Real Academia Galega de Xurisprudencia; Excmo. Sr. Xeral. Mando de Apoio a maniobra D. Juan Francisco Arrazola Martínez; Ilmo. Sr. D. Pedro Cardona Suanzes, Capitán de Navío-Comandante-Director E.N.M. Marín.



► Público na sala.



► Estrado de Académicos.

E o Comité de Bioética de España, que en outubro de 2020 emitiu un informe indicando que “existen sólidas razóns para rexeitar a transformación da eutanasia e auxilio ao suicidio nun dereito subxectivo e nunha prestación pública, e iso non só por razóns de contexto social e sanitario, se non, máis aló, por razóns de fundamentación ética da vida, dignidade e autonomía” (4).

Valoración desde a Sociedade Española de Oncoloxía Médica (SEOM) da Lei orgánica da regulación da eutanasia. Documento creado pola Sección de Bioética e revisado pola Sección de Coidados Continuos. Abril 2021

Refiro a continuación as consideracións finais do documento:

“O debate ético e clínico acerca da prestación de axuda para morrer mediante eutanasia ou axuda ao suicidio non está resolto nin consensuado a nivel social, nin médico nin legal. Os valores da nosa sociedade actual están establecidos sobre a protección da vida humana en calquera condición. A dignidade intrínseca da persoa, na que se basea o respecto á súa vida, é moito máis que a autonomía ou a ausencia de limitacións. É permanente, por encima de calquera tipo de características ou condicións, presentes ou ausentes, e en ningún caso se perde por unha enfermidade limitante ou por falta de capacidade para o autocoidado. O código deontolóxico médico non reconece a eutanasia como un acto médico. Consecuentemente, a regulación legal de algo tan controvertido, se se considera imprescindible, debería comezar por despenalizar supostos, máis que establecelo como un dereito coa consecuente obriga para profesionais que se ven profundamente interpelados na súa conciencia por estes actos. Actualmente, non é posible asegurar a decisión libre de presións dunha persoa gravemente limitada ou con sufrimento intolerable nun sistema que non asegura a cobertura adecuada de coidados paliativos nin o soporte socioeconómico. Desde SEOM reclamamos o acceso universal ao soporte clínico, económico e humano suficiente, para que ningunha solicitude de prestación de axuda para morrer poida ser tomada por presión externa da situación adversa ou dun sufrimento inadecuadamente tratado. Non poden considerarse formas de eutanasia a adecuación proporcionada do esforzo terapéutico ou o tratamento dun síntoma refractario mediante sedación paliativa, co obxectivo de aliviar o sufrimento e non de acelerar a morte. Son actos médicos imprescindibles no coidado dos pacientes con enfermidades irreversibles ou sufrimento refractario. Calquera petición de eutanasia por mor dunha enfermidade

neoplásica debe ser valorada de forma multidisciplinar polos especialistas en Oncoloxía Médica, Radioterápica, Cirurxía, Unidade da Dor, Coidados Paliativos, Psicoloxía e resto de especialistas relacionados, para asegurar a irreversibilidade e ausencia de posibilidades de melloría. A valoración dunha petición de eutanasia require unha atención e dedicación de tempo por parte do oncólogo médico que actualmente, cos recursos humanos dispoñibles na maioría dos centros públicos, é imposible prestar sen menoscabar a atención a outros pacientes. Con respecto á obxección de conciencia por parte dos profesionais sanitarios ou institucións, debe asegurarse preservando a liberdade ideolóxica de cada un, a posibilidade de diferenciar casos individuais, e a obxección de conciencia institucional (5).

Declaración oficial contra o Proxecto de lei de eutanasia dos colexios de farmacéuticos, odontólogos e médicos de Madrid

Madrid, 13-01-2021

O Colexio de Farmacéuticos de Madrid (COFM), o Colexio de Odontólogos e Estomatólogos da I Rexión (COEM), e o Ilustre Colexio Oficial de Médicos de Madrid (ICOMEM), denunciámos a indefensión para os profesionais sanitarios e o risco para a poboación que supón a Lei de eutanasia e queremos poñer de manifesto a grave preocupación que estes profesionais teñen ante o Proxecto de lei de eutanasia.

A eutanasia está prohibida en toda Europa coa excepción do Benelux. A sociedade pode ser confundida mediante unha intensa presión desde os medios, pero as profesións sanitarias non. Coñecemos a gravidade das accións que comporta, a nivel persoal e institucional, e a “pendente escorredía” cara á eliminación e/ou corrupción do dereito á vida que implica. A demanda de eutanasia é mínima ou nula cando o paciente é atendido por un equipo de profesionais experto. No canto de potenciar uns Coidados Paliativos pouco desenvolvidos, a única alternativa que propón esta lei a pacientes con enfermidades avanzadas é matalos. É particularmente grave o engano que nace coa lei de considerar a morte provocada por eutanasia como morte natural, algo inxustificable.

Esta lei é tamén moi inoportuna, tendo en conta a situación de pandemia e o gran número de sanitarios que se viron afectados polo coronavirus. É incomprendible que, en ausencia de demanda social, a lei tramítese de

forma acelerada por decreto, sen diálogo algún coas profesións sanitarias e contra o criterio do Comité de Bioética, máximo órgano asesor do Goberno neste tema.

Demandamos unha Lei xeral de coidados paliativos, logo de diálogo coas profesións sanitarias, e a retirada do Proxecto de lei de eutanasia. No caso de que non se produza a devandita retirada, reservámonos o dereito de lle solicitar á Comunidade de Madrid, última responsable da sanidade no noso ámbito, a non aplicación dunha lei inxusta que vai contra a ética e a deontoloxía (5).

Discusión e conclusións

Tentamos rexeitar o envellecemento. Vivimos a morte como tabú e culturalmente temos dificultades para asumir a dependencia, a pasividade e a dor.

Producíronse enormes cambios nos axentes que participan na eutanasia: en España, o día 1 de xaneiro de 2019, eran maiores de 65 anos 8 908 151 (19 % da poboación), que representaban o 55 % das estancias e o 43 % das altas hospitalarias. En Galicia os datos porcentuais son exactos aos nacionais.

Médicos, enfermos, políticos, xuíces, coidadores, cidadáns, o sistema sanitario, a pirámide de poboación, as relacións familiares, a soidade, non son os mesmos que hai 30 ou 40 anos.

A tradición cristiá ofrece unha orientación chea de prudencia, humanismo e compaixón: aliviar a dor, cultura do coidado, respecto, tenrura e aprender a deixar morrer en paz.

Dous argumentos para rexeitar a eutanasia son: as consecuencias para os máis vulnerables e para os médicos.

Apostar polos coidados paliativos, fortalecer as condicións sociais e económicas para aumentar a autonomía do enfermo, a defensa do dereito á vida e o apoio á cultura do coidado.

As relixións monoteístas (xudía, cristiá e musulmá) afirman con claridade o respecto á vida, deixar morrer en paz, e rexeitamento á eutanasia.

A eutanasia e o suicidio asistido non son unha teoría, unha doutrina, senón un asunto que afecta a persoas vulnerables de carne e óso que viven ao

noso lado, con sufrimento na etapa final da vida e nas que, máis que falar de leis hai que coidalas ben. O importante non son as teorías, doutrinas e argumentos, senón o coidado, a escoita e o acompañamento ao final da vida porque “Hai enfermidades incurables, pero non hai enfermos incoidables”.

No ano 1990 en Bélxica a petición da eutanasia era exclusiva para os enfermos terminais con grave sufrimento e maiores de idade. Desde 2002 pode ser solicitada desde os 12 anos e desde os 16 mesmo sen consentimento dos pais. Xa se aplica tamén aos bebés de menos dun ano que a xuízo dos médicos e proxenitores vaian ter unha calidade de vida moi pobre. Aplicouse tamén en adultos novos por depresión severa. A esta situación denominóuselle pendiente esvaradía.

A “Pílula Drión” poderana utilizar os maiores de 70 anos cansos de vivir (suicidio asistido) aínda que non padezan enfermidade ningunha. O goberno de Bélxica manifestou o desexo de aprobala.

Aínda así, hai espazos de penumbra e de dúbida ante moitas situacións dramáticas.

Epílogo

Henk ten Have, director da División de Bioética e Tecnoloxía da UNESCO manifestou: “A bioética naceu ante a necesidade dunha disciplina que lles fixese fronte aos principais problemas da humanidade, agora é momento de reflexionar e de reeducarnos... Mentres uns debaten sobre a eutanasia, outros nin médicos teñen... Moitos médicos se fan esta pregunta, se queres morrer por que teño que ser eu quen che axude”.

Antonio Felipe, deputado do Partido Comunista portugués, fixo en 2018 as declaracións seguintes: “A eutanasia non é un sinal de progreso senón un retroceso da civilización... Instalouse un verdadeiro negocio internacional da morte anticipada... Que alguén pretenda anticipar o fin da súa vida porque non ten garantidos os coidados necesarios merece solidariedade, compaixón e apoio para que teña unha verdadeira alternativa... A oposición do partido comunista portugués á eutanasia radica en mobilizar os avances técnicos e científicos para asegurar o aumento da esperanza de vida e non para acurtala”.

Marcos Gómez Sancho, é o director da Unidade de Coidados Paliativos do Hospital Universitario “Doctor Juan Negrín” de Las Palmas de Gran Canaria na que se atenderon a máis de 25 000 enfermos. Cando se lle preguntou, é habitual que manifesten que queren morrer? O habitual é que o fagan debido á presenza de dor mal tratada. En canto se lles aplica morfina deixan de pedir a eutanasia”. Na súa unidade, entre 25 000 pacientes terminais só houbo 4 solicitudes e a el só llo solicitou un paciente e o caso solucionouse con sedación paliativa.

O Informe del Comité de Bioética de España sobre el final de la vida y la atención al proceso de morir, en el marco del debate sobre la regulación de la eutanasia: Propuestas para la reflexión y la deliberación, conclúe: “Ao longo deste informe vimos que existen sólidas razóns para rexeitar a transformación da eutanasia e/ou auxilio ao suicidio nun dereito subxectivo e nunha prestación pública. E iso non só por razóns do contexto social e sanitario, senón, máis aló, por razóns de fundamentación ética da vida, dignidade e autonomía. O desexo dunha persoa de que un terceiro ou o propio Estado acabe coa súa vida, directa ou indirectamente, naqueles casos de gran sufrimento físico e/ou psíquico debe ser sempre mirado con compaixón, e atendido cunha actuación compasiva eficaz que conduza a evitar as dores e procurar unha morte en paz. Con todo, tal compaixón non consideramos que lexítima ética e legalmente unha solicitude que, nin atopa apoio nunha verdadeira autonomía, atendido o contexto actual dos coidados paliativos e socio sanitarios, nin, ademais, queda limitada nos seus efectos ao propio espazo privado do individuo”.

Madrid, 6 de outubro de 2020.

BIBLIOGRAFÍA

1. La eutanasia al final de la vida. Una reflexión crítica. Javier de la Torre.
2. Código de Deontología Médica. Organización médica colegial. Madrid, marzo de 2015.
3. Asamblea General de la Asociación Médica Mundial. Tiflis (Georgia), 22 de noviembre de 2019.
4. Cita 26 del Informe de Bioética de España, 06-10-2020. Adecuación de medidas terapéuticas - guía de ética clínica. Comité de ética de asistencia sanitaria. Madrid 2019.
https://seom.org/images/Documento_Eutanasia_SEOM_Resumen_Ejecutivo.pdf.
5. Declaracion-oficial-contra-el-Proyecto-de-Ley-de-Eutanasia-de-los-Colegios-de-Farmaceuticos-Odontologos-y-Medicos-de-Madrid, <https://www.icomem.es/comunicacion/noticias/3640/>.

VIII

ORGANIGRAMA DA ACADEMIA DE MEDICINA DE GALICIA DE 2021





■ XUNTA DE GOBERNO

Excmo. Sr. Dr. José CARRO OTERO.

Presidente (ata o 23/04/2021).

Excmo. Sr. Dr. Francisco MARTELO VILLAR.

Presidente (desde o 20/10/2021).

Secretario Xeral (ata o 02/09/2021).

Ilmo. Sr. Dr. Jorge TEIJEIRO VIDAL.

Presidente en funcións (desde o 24/04/2021 ao 20/10/2021).

Vicepresidente (ata o 23/04/2021 e desde o 20/10/2021).

Ilmo. Sr. Dr. Alberto JUFFE STEIN.

Secretario xeral interino (desde o 25/10/2021).

Ilmo. Sr. Dr. Ramiro VARELA CIVES.

Vicesecretario-Contador (ata o 02/10/2021).

Secretario xeral en funcións (desde o 02/09/2021 ao 20/10/2021).

Ilmo. Sr. Dr. Luís FERRER I BALSEBRE.

Tesoureiro.

Ilmo. Sr. Dr. Miguel GELABERT GONZÁLEZ.

Bibliotecario.

■ ACADÉMICOS DE HONRA

| | |
|---|------|
| Profesor Dr. Manuel E. PATARROYO | 1995 |
| Profesor Dr. César SÁNCHEZ ÁLVAREZ-PEDROSA | 1996 |
| Profesor Dr. Miguel CIGES JUAN | 1998 |
| Profesor Dr. Aniceto CHARRO SALGADO | 2005 |

■ ACADÉMICOS EMÉRITOS

Ilmo. Sr. D. José MIÑONES TRILLO

Ilmo. Sr. D. Jerónimo FORTEZA VILA

Ilmo. Sr. D. Manuel PEREIRO MÍGUENS

Ilmo. Sr. D. Miguel GIL DE LA PEÑA

■ SECCIÓNS DA ACADEMIA

1- CIENCIAS BÁSICAS

Presidente: Ilmo. Sr. D. Ángel Belmonte Vicente.

Secretario: Ilmo. Sr. D. Carlos Acuña Castroviejo.

Vogais: Ilmos./a Sres./a: D. Francisco Javier Jorge Barreiro, D^a. Alicia Ansede Martínez, D. Juan Varela Durán e D. Benito José Regueiro García.

2- MEDICINA

Presidente: Ilmo. Sr. D. José Antonio Pajarrón Ulloa.

Secretario: Ilmo. Sr. D. Álvaro Ruibal Morell.

Vogais: Ilmos. Sres.: D. José Pena Guitián, D. Federico Martín Sánchez; D. Manuel Noya García; D. Jorge Teijeiro Vidal; D. Rafael Tojo Sierra; D. José Manuel Martínez Vázquez; D. Felipe Casanueva Freijo; D. Rafael López López; D. Francisco Javier De Toro Santos; D. Manuel Pereiro Ferreiros e D. Juan Enrique Domínguez Muñoz.

3- CIRURXÍA

Presidente: Ilmo. Sr. D. Manuel Sánchez Salorio.

Secretario: Ilmo. Sr. D. José Luís García Alcón.

Vogais: Ilmos. Sres.: D. Torcuato Labella Caballero, D. Joaquín Potel Lesquereux, D. Francisco Martelo Villar, D. Alberto Juffé Stein, D. Miguel Gelabert González; D. Ramiro Varela Cives, D. Alejandro Novo Domínguez, D. Julián Álvarez Escudeiro e D. Jesús Pino Mínguez.

4- MEDICINA SOCIAL E SAÚDE PÚBLICA

Presidente: Ilmo. Sr. D. Juan Jesús Gestal Otero.

Secretaria: Ilma. Sra. D^a. Rosa Meijide Failde.

Vogal: Ilmo. Sr. D. Pablo Díez Baños.

5- MEDICINA LEGAL, HISTORIA DA MEDICINA E TERRITORIAIS

Presidente: Excmo. Sr. D. José Carro Otero (ata o 23/04/2021).

Ilmo. Sr. D. Luís Concheiro Carro (desde o 24/04/2021).

Secretario: Ilmo. Sr. D. David Suárez Quintanilla.

Vogais: Ilmos. Sres.: D. Francisco Vázquez Fernández, D. Javier Martínez Pérez-Mendaña, D. Luís Ferrer i Balsebre D. Pedro Gil Gil e D. Luís Campos Villarino.

■ COMISIÓNS DA ACADEMIA

1- ORZAMENTOS E ASUNTOS ECONÓMICOS.

- Excmo. Sr. Presidente.
- Ilmo. Sr. Vicepresidente.
- Ilmo. Sr. Secretario xeral.
- Ilmo. Sr. Vicesecretario-contador.
- Ilmo. Sr. Tesoureiro.

2- ACTIVIDADES CIENTÍFICAS

- Excmo. Sr. D. Francisco Martelo Villar (Presidente).
- Ilmo. Sr. D. Jorge Teijeiro Vidal (Vicepresidente).
- Ilmo. Sr. D. Alberto Juffé Stein (Secretario xeral).

■ ESCALAFÓN DOS ACADÉMICOS NUMERARIOS

| Nº | ILMOS. SRES. | CADEIRA | INGRESO |
|-----|--------------------------------|---|------------|
| 1. | PAJARRÓN ULLOA, José A. | Pneumoloxía | 16.11.1974 |
| 2. | SÁNCHEZ SALORIO, Manuel | Oftalmoloxía | 27.02.1981 |
| 3. | PENA GUITIÁN, José | Pediatría | 16.04.1982 |
| 4. | MARTINÓN SANCHEZ, Federico | Pediatría | 02.07.1982 |
| 5. | NOYA GARCÍA, Manuel | Neuroloxía | 26.04.1985 |
| 6. | BELMONTE VICENTE, Ángel | Farmacoloxía | 17.05.1988 |
| 7. | CARRO OTERO, José | Historia da Medicina | 11.06.1993 |
| 8. | JORGE BARREIRO, Fco. Javier | Anatomía Humana | 26.10.1994 |
| 9. | GESTAL OTERO, Juan J. | Medicina Preventiva | 02.06.1995 |
| 10. | LABELLA CABALLERO, Torcuato | Otorrinolaringoloxía | 30.11.1995 |
| 11. | ANSEDE MARTÍNEZ, Alicia | Xenética | 11.06.1996 |
| 12. | TEIJEIRO VIDAL, Jorge | Radioloxía | 03.12.1996 |
| 13. | POTEL LESQUEREUX, Joaquín | Cirurxía Xeral e Dixestiva | 27.05.1999 |
| 14. | VARELA DURÁN, Juan | Anatomía Patolóxica (en 09.01.2014) | 17.06.1999 |
| 15. | REGUEIRO GARCÍA, Benito | Viroloxía | 23.02.2001 |
| 16. | DÍEZ BAÑOS, Pablo | Ciencias afins: Veterinaria | 22.06.2001 |
| 17. | MARTELO VILLAR, Francisco | Cirurxía Plástica, Reparadora, Estética | 14.11.2003 |
| 18. | TOJO SIERRA, Rafael | Nutrición Humana | 28.11.2003 |
| 19. | CONCHEIRO CARRO, Luis | Medicina Legal | 17.11.2006 |
| 20. | ACUÑA CASTROVIEJO, Carlos | Fisioloxía | 26.03.2008 |
| 21. | VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, Francisco | Cadeira territorial (Lugo) | 11.04.2008 |
| 22. | MARTÍNEZ VÁZQUEZ, José M. | Medicina Interna | 07.11.2008 |
| 23. | MARTÍNEZ PÉREZ-MENDAÑA, Javier | Cadeira territorial (Ferrol) | 14.05.2010 |
| 24. | FERRER I BALSEBRE, Luis | Psiquiatría | 01.10.2010 |
| 25. | GIL GIL, Pedro | Cadeira territorial (Vigo) | 11.02.2011 |
| 26. | CAMPOS VILLARINO, Luis | Cadeira territorial (Pontevedra) | 01.04.2011 |
| 27. | SUÁREZ QUINTANILLA, David | Odontoestomatoloxía | 06.05.2011 |
| 28. | JUFFÉ STEIN, Alberto | Cirurxía Cardíaca | 04.05.2012 |

| Nº | ILMOS. SRES. | CADEIRA | INGRESO |
|-----|-------------------------------|-------------------------------------|------------|
| 29. | CASANUEVA FREIJO, Felipe | Endocrinoloxía | 29.11.2013 |
| 30. | GELABERT GONZÁLEZ, Miguel | Neurocirurxía | 28.02.2014 |
| 31. | VARELA CIVES, Ramiro | Cirurxía Infantil | 09.05.2014 |
| 32. | LÓPEZ LÓPEZ, Rafael | Oncoloxía | 19.09.2014 |
| 33. | DE TORO SANTOS, Fco.Javier | Reumatoloxía | 29.04.2016 |
| 34. | NOVO DOMÍNGUEZ, Alejandro | Obstetricia e Xinecoloxía | 30.06.2016 |
| 35. | PEREIRO FERREIROS, Manuel | Dermatoloxía | 28.04.2017 |
| 36. | DOMÍNGUEZ MUÑOZ, Juan Enrique | Aparello Dixestivo | 22.06.2017 |
| 37. | RUIBAL MORELL, Álvaro | Medicina Nuclear e Imaxe Molecular | 19.01.2018 |
| 38. | ÁLVAREZ ESCUDERO, Julián | Anestexioloxía e Reanimación | 15.06.2018 |
| 39. | PIÑEIRO MÍNGUEZ, Jesús | Traumatoloxía e Cirurxía Ortopédica | 26.04.2019 |
| 40. | GARCÍA ALCÓN, José Luis | Medicina Militar | 24.05.2019 |
| 41. | MEIJIDE FAÍLDE, Rosa | Hidroloxía Médica | 12.07.2019 |

■ ACADÉMICOS CORRESPONDENTES ELECTOS

GUIOTE LINARES, Manuel
SUÁREZ QUINTANILLA, Juan

PAZOS SIERRA, Alejandro

■ RELACIÓN DOS ACADÉMICOS CORRESPONDENTES

RESIDENTES EN GALICIA

ÁLVAREZ, Juan G.
ÁLVAREZ LORENZO, Carmen Isabel
ÁLVAREZ PRECHOUS, Ángel
ANTELA LÓPEZ, Antonio
ANTELO CORTIZAS, Jesús
ARES PENSADO, Begoña
ARIAS GÓMEZ, Manuel
BARBAGELATA MARTÍNEZ, Alfonso
BARDÁN GARCÍA, Belén
BARGE CABALLERO, Eduardo
BARREIRO MORANDEIRA, Francisco
BARROS DIOS, Juan Miguel
BARROS VELÁZQUEZ, Jorge
BATLLE FONRODONA, Francisco Javier
BELINCHÓN ADALID, Antonio
BELMONTE OTERO, Ángela
BLANCO GARCÍA, Francisco J.
BLAS ORBÁN, Carmen
BUJÁN GONZALO, Laura
CAINZOS FERNÁNDEZ, Miguel
CAIRO ANTELO, José Manuel
CAJIDE MONTERO, Ramón
CAMACHO GARCÍA, Ángel Tomás
CAMESELLE TEIJEIRO, Jorge Fernando
CAMESELLE TEIJEIRO, José Manuel
CARUNCHO MÉNDEZ, Javier
CARREIRA VILLAMOR, José Martín
CARRERO LÓPEZ, Miguel
CASTRO GAGO, Manuel
CASTRO IGLESIAS, María de los Ángeles
CASTRO VILAS, Crisanto

CERDEIRA PENA, Patricia
COLÓN MEJERAS, Cristóbal
CONCHEIRO GUISÁN, Ana
CONTRERAS MARTINÓN, Francisco
CORDIDO CARBALLIDO, Fernando
CORDIDO CARBALLIDO, Manuel
CORTIZO TORRES, M.^a Emilia
COUCE PICO, M.^a Luz
COUSELO SÁNCHEZ, José Miguel
CRUCES PRADO, Manuel José
CRUZ PALOMINO, Luis Felipe de la
CUDEIRO MAZAIRA, Javier
CHANTADA ABAL, Venancio
DURÁN BARBOSA, Rafael
FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, Ovidio
FERNÁNDEZ COELLO, Alejandro
FERNÁNDEZ RAMOS, Aurora
FERNÁNDEZ REDONDO, Piedad Virginia
FERNÁNDEZ SEARA, José Javier
FRADE GONZÁLEZ, Carlos
FRAGA BERMÚDEZ, José María
GARCÍA ALLUT, Alfredo Domingo
GARCÍA CABALLERO, Tomás
GARCÍA PALACIOS, María
GOLPE GÓMEZ, Antonio Luis
GONZÁLEZ DARRIBA, M.^a José
GONZÁLEZ QUINTELA, Arturo
GONZÁLEZ REY RODRÍGUEZ, Francisco
IGLESIAS NEGREIRA, José Ignacio
JORGE MORA, Alberto Agustín
LADRA GONZÁLEZ, María Jesús
LAFFON LAGE, Blanca

LEIRA MUIÑO, Rogelio Manuel
LEIS TRABAZO, Rosaura
LEMA BOUZAS, Manuela
LÓPEZ SILVARREY VARELA, Ángel
LÓPEZ QUIROGA, Alejandro
LOZANO RAMÍREZ, Ascensión
LLANO MONELOS, Pedro de
MACÍA CORTIÑAS, Manuel
MARIÑO COTELO, Alfonso
MARTÍN MARTÍN, Carlos Santiago
MARTINÓN SÁNCHEZ, José María
MARTINÓN TORRES, Federico
MATEOS ÁLVAREZ, Raimundo
MAYÁN SANTOS, José Manuel
MILLÁN CALENTI, José Carlos
MOLEDO EIRAS, Enrique Manuel
MONTERO MARTÍNEZ, Carmen
MUÑÍZ GARCÍA, Javier
ORDÓÑEZ ARMÁN, Agustín
PALLAS PALLAS, Estrella
PARDIÑAS AÑON, M.^a del Carmen
PARGA GARCÍA, María Jesús
PASEIRO GARCÍA, María José del Carmen
PEÑA CASTIÑEIRA, Francisco José
PEREIRA GONZÁLEZ, María Soledad
PÉREZ FENTES, Daniel Adolfo
PÉREZ MUÑUZURI, Alejandro
POMBO ARIAS, Manuel
PONTE HERNANDO, Fernando Julio
RAMOS BARBOSA, Isabel
RAMOS BARBOSA, Teresa
RAMOS VÁZQUEZ, Manuel
RAÑA DÍEZ, Pablo
REY DEL CORRAL, Pablo
REYES SANTIAS, Rosa María
RODRÍGUEZ CALVO, María Sol
RODRÍGUEZ-VILLAMIL FERNÁNDEZ, J. Luís
ROMERO LÓPEZ, Jesús
SÁNCHEZ RODRÍGUEZ-LOSADA, Javier

SANTOS DEL RIEGO, Sergio
SANTOS PÉREZ, Sofía María
SIMAL GÁNDARA, Jesús
SOTO VARELA, Andrés
TATO HERRERO, Fernando
UCHA SAMARTÍN, Marisol
USERO OSSET, Ángel
VAAMONDE SÁNCHEZ-ANDRADE, Isabel
VADILLO OLMO, Francisco Javier
VÁZQUEZ GALLEGO, Jesús
VÁZQUEZ MARTUL, Eduardo
VELA ANERO, Ángela
VELA NIETO, Diego
VEREA HERNANDO, Héctor
VEREA HERNANDO, María Magdalena
VIDAL PARDO, José Ignacio
VIDAL RÍOS VÁZQUEZ, Pablo Gonzalo
VILARIÑO VILARIÑO, Isabel
ZAMARRÓN SÁNZ, Carlos

RESIDENTES NOUTROS LUGARES DE ESPAÑA

ALONSO FERNÁNDEZ, Francisco
BARTOMEUS JENE, Federico
BERMÚDEZ DE CASTRO RISUEÑO, José M.^a
CALATAYUD MALDONADO, Vicente
CALATAYUD ROMERO, Sara
CARREÑO PÉREZ, Luis
CARRO SANTOS, Laura
CASTIÑEIRAS GONZÁLEZ, José Daniel
CID DÍAZ, José Manuel
COBETA MARCO, Ignacio
COMELLAS MELERO, Nerea
CORES GONZÁLEZ, Francisco Javier
CORRAL GARCÍA, Angela
EIRÓS BOUZA, José María
FERNÁNDEZ DEL BUSTO, Ernesto
FERNÁNDEZ TEIJEIRO, Juan José
FLÓREZ LOZANO, José Antonio

GARCÍA BARRENO, Pedro
GARCÍA FERNÁNDEZ, Francisco
GARCÍA MONGE, Ernesto
GARCÍA OLMO, Damián
GAVILÁN ALONSO, César
GAVILÁN BOUZAS, Javier
GÓMEZ MOLERO, Lope Fernando
GONZÁLEZ PÉREZ, Eva
GUIX MELCIOR, Benjamín
IZQUIERDO ROJO, José María
LÁZARO DEL NOGAL, Montserrat
LEYRA FERNÁNDEZ LABANDEIRA, Fernando
LÓPEZ DE GUZMÁN, Alberto
LINARES MAZA, Antonio
MACAYA MIGUEL, Carlos
MARAÑÓN CABELLO, Ángel
MARTÍNEZ LAGE, José Manuel
MARTÍNEZ SANZ, Rafael
MARTÍNEZ VILA, Eduardo Antonio
MARTINÓN TORRES, María
MEDINA VICO, Pedro
MÉNDEZ FERNÁNDEZ, Ramiro Jesús
MORAGAS MORAGAS, Ricardo
NAVARRO GÓMEZ DE ZAMORA, Patrocinio
ORTEGA MEDINA, Luis
ORTIZ BERROCAL, José
PADROL ESTARRIOL, Carlos
PÉREZ GARCÍA, Tomás
POCH BROTO, Joaquín
PORTUGAL ÁLVAREZ, José de
QUINTELA FERNÁNDEZ, José Carlos
RIBERA CASADO, José Manuel
ROBLEDO AGUILAR, Alfredo
ROMERO FERNÁNDEZ, Helio
RUZA TARRÍO, Francisco Javier
SAN ANTONIO ÁLVAREZ, Joaquín
SÁNCHEZ SANTOS, Jesús
SANTANA MOLINA, Juan José
SUÁREZ NIETO, Carlos

TORRES LANZAS, Juan
TOVAR PARDO, Andrés Elías
VAQUERO CRESPO, Jesús
VELILLA CRESPO, Manuel
VÍA I REDÓNS, Josep María
VIGIL MAESO, Eduardo
ZURITA CASTILLO, Mercedes

RESIDENTES NO EXTRANXEIRO

ÁLVAREZ DÍAZ, Jorge Alberto (MX)
ALBERTE LISTA, César (USA)
AMBASCH, Germán (AR)
ARRIAGA, Moisés Alberto (USA)
BARCA, Roberto Eduardo (AR)
BARRETO MARTÍNEZ, Graciela (U)
CONSTANTINO PALLADINO, Alberto (AR)
FERNÁNDEZ DE CISNEROS, Lucía S. (AR)
GIACOLI, Héctor Antonio (AR)
GORODNER, Jorge Osvaldo (AR)
GUERRA DE SOUSA PINTO, A. Alberto (P)
GUNNING, A. J. (GB)
JOHN, Antonio (A)
LAGE CAMPELO CALHEIROS, J. Manuel (P)
LAGOS, Roberto Óscar (AR)
LEMUS CALDERON, Jorge Daniel (AR)
MASSANO CARDOSO, Salvador (P)
MAZZAFERO, Vicente Enrique (AR)
REIS JUNIOR, José (P)
RODRÍGUEZ LORENZO, Andrés (S)
ROSENBLUM, Marc K. (USA)
SOUSA PINTO, Alexandre (P)
SOSA ÁLVAREZ, Alberto (U)
TEIJEIRA ÁLVAREZ, Francisco Javier (GB)
VERDÚ, Raúl (AR)
WILLIAMS, Michael Andrew (GB)

(A): Alemania
(AR): Argentina
(C): Cuba
(F): Francia
(GB): Gran Bretaña
(MX): México
(P): Portugal
(S): Suecia
(U): Uruguay
(USA): Estados Unidos





REAL ACADEMIA
DE MEDICINA DE GALICIA



BAIXO O ALTO PATROCINIO
DA COROA



REAL ACADEMIA TRANSFERIDA Á
XUNTA DE GALICIA
E ADSCRITA Á CONSELLERÍA DE SANIDADE
MEDALLA DE OURO Ó MÉRITO SANITARIO DE GALICIA
MEDALLA DE OURO DA CIDADE DA CORUÑA
MEDALLA DE OURO DE GALICIA